

Rede Lectura

Compartindo libros e lecturas

17/03/11

Libro con referencias



Amar unha serea de [X. H. Rivadulla Corcón](#) con ilustracións de [Antonio Seijas](#), publicado na colección árbore de [Galaxia](#). Comeza coa cita de [Novoneyra](#) "Ser poeta é ser verdadeiro" En primeira persoa nárrese a historia de Varucho, un neno de oito anos, fillo de mariñeiro, que vive en Muxía e se namora dunha serea o primeiro día de escola. A serea é unha nena que vai en cadeira de rodas, chámase Almudena e acaba de chegar da Coruña. O neno ha de ir axustando a súa relación con esta nena, cometendo erros e avances no tratamento coa diferenza. Farao coa axuda da irmá, pero especialmente dun vello amigo do seu avó que traballa no cine do pobo, o Pulgas, e tamén da señora Dans que fai a limpeza no cole. Un mundo real no que personaxes soñadores e románticos loitan por sobrevivir, como pode observarse nesa caixa de galletas na que o Pulga garda os seus tesouros: Os Eidos asinado polo autor, unha foto con [Díaz Pardo](#), un debuxo asinado por un Luís –que pode ser [Seoane](#)-... Unha serie de referencias, colocan a obra nun contexto real, engadíndolle a valoración da cultura actual a través de libros como Profecía do mar de [Bernardino Graña](#) ou Abracadabras de [Marica Campo](#) ou da visita do poeta [Isidro Novo](#). Unha serea convértese na metáfora dunha rapaza en cadeira de rodas, e a minusvalía transfórmase en orixinalidade. Algo a ter en conta!

Publicado por Asesoría Bibliotecas Escolares en [08:42](#)

Etiquetas: [Novela infantil](#)
